



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso superior de técnico de urbanismo 2024-25 + Módulo V. Planificación urbanística.

CONVOCATORIA: Curso superior de técnico de urbanismo 2024-25.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Réxime xurídico e xestión das entidades locais

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	350
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2024
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O curso ten como finalidade que o alumnado adquira os coñecementos teórico-prácticos e habilidades que o capaciten para actuar no mundo da ordenación do territorio e do urbanismo e responsabilizarse dos procesos de xestión do solo. Para ese efecto, partírase da análise e do estudo pormenorizado da normativa de ordenación do territorio e urbanística, con especial atención á autonómica galega, combinando o estudo dos fundamentos teóricos cunha completa formación práctica que se fai imprescindible neste ámbito.

DESTINATARIOS

O curso está dirixido a profesionais que se encadren nalgunha das situacións seguintes:

1. Persoal funcionario dos subgrupos A1 e A2 e persoal laboral dos grupos I e II das administracións públicas galegas que realicen, un e outro persoal, funcións relacionadas co contido do curso.
2. Arquitecto/a colexiado/a no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (en diante, COAG).
3. Profesionais que estean en posesión da titulación de doutoramento, licenciatura, diplomatura, grao, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica ou enxeñaría técnica, así como o persoal en posesión da dita titulación, contratado polas administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente.

Para os efectos do establecido na Resolución do 25 de xaneiro de 2022, do Instituto Nacional de Administración Pública, pola que se establecen os criterios de recoñecemento e valoración de cursos de formación e perfeccionamento para os efectos do baremo de méritos xerais do persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional, a este curso outorgaráselle unha puntuación de 1,5 puntos.

PROGRAMA

A estrutura e os contidos do curso son os seguintes:

Bloque I. Contidos troncais:

Comprende un primeiro bloque de materias troncais, obrigatorias e comúns para todo o alumnado, no cal se integran os seguintes contidos:

Módulo I. A escala territorial (104 horas).

Módulo II. A planificación e a xestión urbanística (80 horas).

Módulo III. Intervención administrativa na edificación e usos do solo (72 horas).

Bloque II. Contidos optativos:

Comprende un segundo bloque de materias optativas máis o desenvolvemento dun traballo individual sobre o MÓDULO OPTATIVO V: Planificación urbanística (32 horas) que se desenvolverá na EGAP, en Santiago de Compostela, os seguintes días: 30 de xaneiro; 6, 12 e 20 de febreiro de 2025. Horario de cada día: das 10.00 ás 14.15

horas e das 15.30 ás 19.30 horas.

Así, nesta segunda fase, o alumnado deberá optar entre un dos tres módulos optativos, que estarán adscritos, cada un deles, ás seguintes áreas temáticas:

Módulo IV. Renovación urbana e rexeración urbanística (32 horas).

Módulo V. Planificación urbanística (32 horas).

Módulo VI. Intervención administrativa na edificación e usos do solo (32 horas).

A programación e o contido pormenorizado destes módulos optativos publicárase durante o desenvolvemento do curso na páxina web do COAG.

De quedaren prazas dispoñibles, permitirase a matriculación independente nestes módulos optativos ao alumnado que non estea matriculado na edición 2024/25 do curso.

En paralelo, e de forma integrada coa programación dos módulos optativos, desenvolveranse sesións de apoio á elaboración dos traballos individuais (8 horas), de titorización interna dos traballos, sesións explicativas complementarias, etc.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A metade das prazas reserváranse para o persoal empregado público das administracións públicas de Galicia (base terceira, punto 1). As prazas reservadas ao persoal empregado público que non sexan cubertas unha vez rematado o prazo de matrícula poderán ser ocupadas polo persoal descrito nos puntos 2 e 3 da base terceira da convocatoria.

O número de orde establecerase de acordo coa data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Inscrición:

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición cubrindo o formulario que para ese efecto figurará na páxina web do COAG (<https://portal.coag.es>), na sección do curso, e acreditar a documentación requirida en cada caso.

A información relativa ao procedemento e importes de matrícula estará dispoñible na páxina web do COAG (<https://portal.coag.es>), na sección do curso.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 21/02/2024 a 20/02/2025

NUM. PRAZAS: 40

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

EGAP, Santiago de Compostela